

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE TRAZO PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO QUE FACILITE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DESTINADOS A PERSOAS MAIORES, A PERSOAS DEPENDENTES OU A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar co Concello de Trazo un instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento para a adquisición e posta en funcionamento dun vehículo adaptado, que permita cubrir as necesidades de transporte das persoas con mobilidade reducida do municipio

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A adquisición de transporte adaptado para facilitar os desprazamentos que permita cubrir as necesidades de transporte das persoas con mobilidade reducida do municipio. Este vehículo facilitará o desprazamento seguro e digno dos beneficiarios a programas de servizos sociais, centros de saúde, actividades de integración, e a implementación dun servizo de transporte a demanda para este colectivo, mellorando así a súa calidade de vida.

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que o Concello de Trazo ten unhas características xeográficas e poboacionais singulares, así como unha porcentaxe moi elevada de veciños que precisan un transporte específico adaptado, cun acceso moi limitado a un transporte público específico, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de



promover a concorrncia pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

